

RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS

Interesada: FUNDACIÓN INADE, INSTITUTO ATLÁNTICO DEL SEGURO

Procedemento: inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (PR750A)

Tipo: presentación de contas anuais

Data de iniciación: 17 de abril de 2024

ANTECEDENTES

- 1 A Fundación INADE, Instituto Atlántico del Seguro, constituíuse en escritura pública outorgada en Vigo, o 12 de decembro de 2008, e está inscrita co número 2009/00009 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Facenda e Administración Pública. Correspóndelle a esta consellería o exercicio das funcións de protectorado en relación con dita fundación.
- 2 O 17.04.2024 Adolfo Campos Carballo, en representación da dita fundación, presentou unha solicitude de depósito das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Xunto coa solicitude, a Fundación achegou o certificado da reunión do padroado do 04.04.2024 na que se aprobaron as referidas contas, o balance, a conta de resultados e a memoria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 As fundacións deberán presentar ao protectorado as contas anuais referentes ao anterior exercicio económico, segundo os artigos 36 a 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19 de decembro); e 37 a 40 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).
- 2 Os documentos referidos ás contas anuais deberanse elaborar seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos, consonte o artigo 36.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.



- 3 O depósito dos documentos correspondentes ás contas anuais están incluídos entre os actos suxeitos a inscrición polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo os artigos 38.5 e 54 j) da Lei 12/2006, do 1 de decembro; e 21 p) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).
- 4 O persoal encargado da sección do Rexistro de Fundacións analizou a documentación presentada e comprobou a súa adecuación formal á normativa vixente, de conformidade cos artigos 38.5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro; e 27.1 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro.

Esta consellería é competente para resolver esta solicitude consonte o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 120, do 23 de xuño) en relación co artigo 7.2 b) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Facenda e Administración Pública, o depósito das contas anuais correspondentes ao exercicio 2023 da Fundación INADE, Instituto Atlántico del Seguro, cumprindo os requisitos formais e materiais exixidos pola normativa vixente; así mesmo, depositar os documentos correspondentes para os efectos de constancia e publicidade.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, pode interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico e do Patrimonio
Jorge Atán Castro

Esta resolución notificarase á interesada en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

